

SERVIZO MUSEOS

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



EXPTE: 4337-341

ASUNTO.- PROPOSTA E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS DE ACTIVIDADES PARA A NOITE BRANCA 2026 DA REDE DE MUSEOS DO CONCELLO DE VIGO.

INFORME-PROPOSTA

1. INTRODUCCIÓN

A Constitución Española no seu artigo 44.1 establece que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito. Así mesmo, a Lei 7/2021, de 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia sinala a relevancia das institucións museísticas como ferramenta de promoción e desenvolvemento cultural da sociedade. Os municipios teñen a competencia da promoción da cultura e dos equipamentos culturais, de conformidade co previsto nos artigos 25.1 e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A concellería-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade ten encomendada as competencias en materia de museos, entre elas a de fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística, así como a programación de exposicións e outras expresións plásticas nos equipamentos que forman parte da Rede de Museos Municipais.

Desde o ano 2013 o Concello de Vigo ven desenvolvendo A Noite Branca, un suxestivo proxecto para gozar e mostrar os museos e centros culturais da cidade nunha xornada singular na que os centros museísticos e as súas coleccións se revisten de extensións musicais e doutras actividades para mellor saborear o noso patrimonio. Por este motivo, a Concellería de Cultura organizou a programación correspondente á Noite Branca 2025, que se celebrará o 26 de xuño, a través dunha convocatoria que permite seleccionar as actividades e espectáculos que conformarán este programa, garantindo unha oferta atractiva e de interese para a cidadanía en xeral.

Así, por medio desta convocatoria ofreceuse a posibilidade de que os axentes activos dos museos, do patrimonio cultural e das artes escénicas (profesionais, artistas, distribuidores, empresas, compañías...) presentasen as súas actividades e espectáculos para ser valorados desde o punto de vistas cultural, educativo e artístico.

Por este motivo, en data 27 de marzo de 2025 publicouse no perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, a convocatoria para a presentación de propostas de actividades para a Noite Branca 2026 da Rede de Museos do Concello de Vigo, cun prazo de 10 días naturais, prazo que finalizou o sábado 11 de abril. Expresamente, indicábase que “Non se aceptarán propostas recibidas fóra deste prazo”.

A convocatoria estipulaba que o Concello de Vigo publicará no citado perfil a proposta de programación e a correspondente resolución aprobatoria do concelleiro-delegado de Cultura e da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, no prazo máximo de 10 días naturais a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de presentación de propostas.

2. CONVOCATORIA

A convocatoria aberta estipulaba, entre outras cuestións, o seguinte:

OBXECTO:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/04/2026 08:35	Páxina 1 de 6
4337-341	CSV: A1B2A4-82BHA6-D7E834-93UWQ3-DVKDYF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZO MUSEOS

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



Esta convocatoria ten por obxecto a selección das actividades que formarán parte do programa A Noite Branca 2026, que se desenvolverá nos diferentes museos e espazos expositivos da Rede de Museos do Concello de Vigo o 26 de xuño de 2026.

A participación efectúase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como os de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

DATA DE PROGRAMACIÓN

Todas as actividades desenvolveranse o sábado 26 de xuño entre as 20:00 h e as 01:00 horas.

As actividades terán unha duración máxima de entre 60 e 90 minutos dependendo do seu carácter.

CARACTERÍSTICAS DAS ACTIVIDADES A PROGRAMAR

As actividades poderán abordar un abano amplo de ámbitos e disciplinas, entre as que teñen cabida historia, arte, arqueoloxía, patrimonio cultural, etnografía, música, artes escénicas, danza, novas tecnoloxías, etc. Tendo en conta estas temáticas valoraranse especialmente aquelas propostas que entren en diálogo cos museos e espazos expositivos nos que se desenvolven e as súas coleccións.

As diferentes actividades dirixiranse a todas as idades e tipos de público, considerando nenas e nenos, público adulto e familias.

A tipoloxía das actividades e experiencias será diversa, tendo cabida todo tipo de propostas educativas, didácticas e lúdicas susceptible de programarse nos diferentes espazos expositivos. A título soamente orientador poden sinalarse os seguintes tipos de actividades:

- Visitas guiadas
- Visitas teatralizadas ou dramatizadas
- Obradoiros
- Arqueoloxía experimental
- Concertos
- Danza
- Teatro, monicreques, contacontos...

OBXECTIVOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN

A proposta de programación terá como obxectivos principais as seguintes liñas básicas establecidas pola Concellería-delegada de Cultura:

- Formación de públicos, facendo especial incidencia no público do futuro (nenos/as e adolescentes), así como o acceso do público xeral a todas as actividades.
- Captación do novos públicos: público adulto que non adoita achegarse aos espazos expositivos pero receptivo a experiencias amables, atractivas e suxestivas que atrapan a novos espectadores e creen a necesidade de volver ao museo.
- Fidelización de públicos: continuidade da programación que manteña aos espectadores xa consolidados en edicións anteriores.
- Ofrecer experiencias novas ao público que xa coñece o programa introducindo novas liñas de actividades.
- Apoio aos profesionais e entidades profesionais locais.



Copia do documento - Concello de Vigo
4337-341

Data impresión: 22/04/2026 08:35

Páxina 2 de 6

CSV: A1B2A4-82BHA6-D7E834-93UWQ3-DVKDYF-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SERVIZO MUSEOS

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS ACTIVIDADES

As actividades e experiencias desenvolveranse nos diferentes museos e centros expositivos da Rede de Museos do Concello de Vigo, podendo abranguer tanto espazos interiores como exteriores.

- Museo Municipal Quiñones de León e xardíns históricos do Pazo
- Pinacoteca Francisco Fernández del Riego
- Casa das Artes
- Casa Galega da Cultura
- Verbum

Os solicitantes poderán seleccionar o espazo que consideren que mellor se adapta ás características da actividade, se ben a Concellería-delegada de Cultura, en virtude das necesidades de programación, poderá propor outras localizacións alternativas.

Os museos e espazos expositivos non contan con persoal técnico de ningún tipo, como puideran ser técnicos de son e/ou luces; só dispón de persoal de atención ao público con funcións exclusivas de control de accesos e de asistencia ao público.

As actividades deberán adaptarse a estas condicións técnicas.

NÚMERO TOTAL DE PROPOSTAS

O número total de propostas virá determinado polo orzamento máximo dispoñible e a programación definitiva. O máximo de propostas para concorrer a esta convocatoria é de unha por profesional ou entidade.

3. VALORACIÓN DAS OFERTAS

Unha vez rematado o prazo de presentación de propostas de actividades, foron analizadas por unha comisión de valoración formada por:

- Concelleiro-delegado de Cultura.
- Persoal técnico do Servizo de Museos.

Por este motivo, o luns 20 de abril, reuniuse a comisión de valoración integrada por:

- Concelleiro-delegado de Cultura.
- Xefe do Servizo de Museos Municipais.
- Director do Museo Municipal Quiñones de León.

Analizáronse todas as propostas presentadas á convocatoria e que figuran como anexo do presente informe-proposta e resolución.

Os criterios valorados en cada caso, exclusivamente en base á información achegada na proposta, foron os seguintes:

I. Interese educativo, cultural, científico e/ou artístico da actividade. Valorarase a calidade, orixinalidade, novidade e repercusión social da actividade e a procura dun público destinatario amplo. Así mesmo, terase en conta a súa adaptación ás liñas xerais da programación e o seu grao de desenvolvemento e detalle.

II. Traxectoria, experiencia e formación dos artistas e profesionais. Valorarase a experiencia e a traxectoria dos profesionais e entidades no desenvolvemento de actividades educativas, didácticas e lúdicas en museos e equipamentos culturais, ademais da súa formación en disciplinas relacionadas cos museos e o patrimonio cultural. Do mesmo xeito, valoraranse posibles premios e/ou mencións da actividade ou do espectáculo dende xaneiro de 2021, participación en festivais ou certames nacionais e internacionais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/04/2026 08:35	Páxina 3 de 6
4337-341	CSV: A1B2A4-82BHA6-D7E834-93UWQ3-DVKDYF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZO MUSEOS

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



III. Adaptación ao orzamento xeral da programación. Ningunha proposta poderá ter un custo superior aos 3.000 € máis IVE, con todos os conceptos e impostos incluídos.

Así mesmo, na selección tívose en conta a presenza dun abano amplo e representativo do maior número posible de actividades diferentes.

Como resultado da valoración das propostas presentadas, unha vez non aceptadas as presentadas fóra do prazo estipulado na convocatoria (**identificadas no anexo I**), en prol dunha programación diversificada e de calidade, atendendo ás tipoloxías de públicos e das disciplinas artísticas, e coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, faise á concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade a seguinte

PROPOSTA

1. Aprobar a selección de propostas que se relaciona a continuación para a programación de propostas de actividades para a Noite Branca 2026 da Rede de Museos do Concello de Vigo, que se celebrará o sábado 26 de xuño:

PROXECTO	SOLICITANTE	ESPAZO EXPOSITIVO
Createctura	Patricia Gestoso Abraín	Pinacoteca FFR
Melodías que transforman realidades	Son das Flores	Museo Quiñones de León
Visita aos Xardíns históricos do Quiñones	Noelia Fernández Vázquez	Museo Quiñones de León
Outras miradas	Habraham Barrios	Museo Quiñones de León
Chavellos nos museos	Nume Producións, SL	Casa das Artes
Cartografía emocional de Vigo	Tamara Baz Alonso	Museo Verbum
Quen quere ser mago	Magia en la manga, S Coop Galega	Pinacoteca FFR
Binomios fantásticos	María Cristina González Larriba	Museo Verbum
Garden Party no Pazo de Castrelos	Van Divulgación Cultural	Museo Quiñones de León

2. Que se publique a presente proposta e resolución de aprobación da programación de actividades de Noite Branca 2026 no perfil do contratante, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, para coñecemento de todos os/as interesados/as.

3. Que polo Servizo de Museos Municipais se inicien os expedientes necesarios para a contratación das propostas seleccionadas que figuran no apartado 1º, así como resto de contratacións necesarias (producción, difusión...) para o desenvolvemento desta programación.

Vigo, data da sinatura dixital
O xefe do servizo de Museos Municipais
Jose Manuel Rey García

Conforme.-
O concelleiro-delegado de Cultura (res. 25.09.2025 BOP núm. 186 do 30.09.2025). Gorka Gómez Díaz



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/04/2026 08:35	Páxina 4 de 6
4337-341	CSV: A1B2A4-82BHA6-D7E834-93UWQ3-DVKDYF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZO MUSEOS

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



RESOLUCIÓN.-

Á vista do informe-proposta do xefe do servizo de Museos Municipais, conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, e no uso da competencia que me atribúe o artigo 127.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local en virtude do Decreto de delegación da Alcaldía do 19 de xuño do 2023 e resolución de modificación do 25 de setembro do 2025 e do acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de setembro do 2025, polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados da Área de Goberno

RESOLVO de conformidade coa proposta que antecede

Vigo, na data da sinatura dixital

A concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade (resolución do 25.09.2025 (BOP núm. 186 do 30.09.2025). María Carmen Silva Rego

Dou fe,
A Secretaria



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/04/2026 08:35	Páxina 5 de 6
4337-341	CSV: A1B2A4-82BHA6-D7E834-93UWQ3-DVKDYF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SERVIZO MUSEOS

CONCELLERÍA
DE
CULTURA

CONCELLO
DE VIGO



ANEXO I

PROPOSTAS PRESENTADAS Á CONVOCATORIA PÚBLICA DE ACTIVIDADES DE NOITE
BRANCA 2026 NA REDE DE MUSEOS DO CONCELLO DE VIGO.

	DOC. NÚM.	TÍTULO DO PROXECTO	SOLICITANTE
1	260074253	Los Blancos	EKLECTICUM PRODUCCIONES, S.L.
2	260074291	Francisco Castro & Band	FRANCISCO JOSÉ CASTRO VELOSO
3	260074535	Felipe Villar Quartet	FELIPE VILLAR ANDRADE
4	260074541	Createctura	PATRICIA GESTOSO ABRAIN
5	260074565	Felipe Villar & Sunil López	FELIPE VILLAR ANDRADE
6	260076942	Gincana del Marqués de Alcedo	ALEXIS JOEL LIOI CÁCERES
7	260078297	Melodías que transforman realidades	SON DAS FLORES
8	260079608	Visita aos Xardíns históricos do Quiñones	NOELIA FERNÁNDEZ VÁZQUEZ
9	260079612	Raíces de Mar	MUSICOS AO VIVO S COOP GALEGA
10	260080133	Chavellos nos museos	NUME PRODUCCIONES, SOCIEDAD LIMITADA
11	260083037	Perder a lingua	EVA COMESAÑA SANROMAN
12	260083069	Mushroom Problem Tour	AWANTA PRODUCCIONES S COOP GALEGA
13	260083519	Cartografía emocional de Vigo	TAMARA BAZ ALONSO
14	260083643	Quen quere ser mago?	MAGIA EN LA MANGA S COOP GALEGA
15	260083724	Binomios fantásticos	MARIA CRISTINA GONZALEZ LARRIBA
16	260084879	Outras miradas	HABRAHAN OCHUM BARRIOS CORTEZ
17	260084997	Calau. Dous	BIGLAB SL
18	260085006	Garden Party no Pazo de Castrelos	VAN DIVULGACION CULTURAL SL
19	260085016	The Hendersons play The Beatles	VIGO MULTIMEDIA SL
20	260085040	Preparándonos para o eclipse	JOAQUIN CONSTANTINO FERRER CRUZ
21	260084901	Buen paso. Taller de stop motion	CARMEN GONZALEZ PINTOS
22	260084971	Kritis cuarteto	MARIA JESUS LOPEZ ALVAREZ
23	260085347	A ruta das 5 claves	RODRIGUEZ CASTRO PEDRO TELMO

